



**Resolución do 23 de novembro de 2017, da Dirección Xeral de xustiza, pola que se convoca a provisión en comisión de servizo, de forma temporal e por petición do interesado, de postos de traballo nos órganos de nova creación entre funcionarios dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.**

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo do poder xudicial (LOPX), regula no seu artigo 527.1º a provisión temporal de postos vacantes mediante a comisión de servizos entremetres non resulte posible a súa provisión definitiva mediante concurso de traslados.

Coa finalidade de dotar os cadros de persoal dos órganos xudiciais de nova creación, cuxa entrada en funcionamento está prevista para xaneiro de 2018, procede anunciar a súa provisión temporal co obxecto de que o persoal funcionario interesado poida solicitar as oportunas comisións de servizos

Daquela, en aplicación das competencias que lle corresponden a este órgano consonte o artigo 20.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2397/1996, sobre transferencia a esta comunidade de medios persoais para o servizo da Administración de xustiza, co artigo 525 da LOPX e mais co Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

#### DISPOÑO:

##### **Primeiro.- Obxecto.**

O procedemento e a convocatoria teñen por obxecto posibilitar a provisión de forma temporal, mediante comisión de servizos, dos postos de traballo reservados ao persoal funcionario integrante dos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial que se indican no anexo I.

O cadro de persoal da cada órgano xudicial está pendente de aprobación, polo que o número de postos convocado pode ter modificacións.

##### **Segundo.- Solicitantes**

Poderán solicitar as comisións de servizos, con exención de funcións nos seus postos actuais, os funcionarios de carreira dos corpos ao servizo da Administración de xustiza que se atopen en situación de servizo activo e prestando efectivamente servizos no seu destino definitivo.



### **Terceiro.- Criterios de adxudicación**

A selección dos candidatos e adxudicación das comisións de servizo farase segundo a orde de preferencia fixada polo solicitante na súa instancia e con base na maior puntuación obtida cos mesmos criterios que nun concurso de traslados: antigüidade e nivel de coñecemento da lingua galega. En caso de empate acudirase ao escalafón.

Aqueles solicitantes que durante o procedemento de resolución das comisións de servizo convocadas pola presente resolución obtivesen destino definitivo mediante calquera outro proceso de provisión, entenderase que desisten da solicitude presentada ao abeiro desta convocatoria.

### **Cuarto.- Solicitudes**

Os interesados deberán presentar unha instancia axustada ao modelo que se axunta como anexo II a esta resolución. Na solicitude deberanse enumerar, por orden de preferencia, as unidades e localidades que se solicitan. Canda a solicitude haberá que presentar una copia cotexada da certificación ou diploma que acredite o coñecemento da lingua galega.

### **Quinto.- Informe**

Para cumprir co previsto no artigo 73 do Real decreto 1451/2005, as solicitudes irán acompañadas co informe, preceptivo e non vinculante, da persoa responsable do órgano, servizo ou unidade no que se atope destinado o persoal funcionario solicitante. En caso de non emitirse informe polo órgano correspondente, unha vez acreditada a presentación da súa solicitude polo interesado, entenderase que é favorable.

Ademais, para o caso de que o destino da persoa solicitante radique fora da comunidade autónoma de Galicia, esta deberá presentar, xunto coa solicitude, o informe favorable do Ministerio de Xustiza ou órgano competente da comunidade autónoma respectiva.

### **Sexto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco días hábiles dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>), e no sitio web da Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (<http://cpapx.xunta.gal>).

As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de xustiza ( Rúa Madrid 2-4, planta 2ª, polígono das Fontiñas, 15781 Santiago) e presentaranse nos rexistros administrativos da Xunta de Galicia ou de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As que se presenten nas oficinas de correos enviaranse por correo certificado, para o cal se presentarán nas citadas



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Xustiza

Praza de Europa, 5 A - 4º  
Polígono de Fontiñas  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

oficinas en sobre aberto co obxecto de seren datadas e seladas polo funcionario de correos antes de seren remitidas. Os solicitantes deberán enviar a solicitude que teña o selo da oficina de correos, sen que poidan admitirse as instancias que non cumpran este requisito pasado o prazo de presentación.

Ademais, as solicitudes deberán remitirse, no citado prazo de 5 días hábiles, por correo electrónico ([servicio.persoal.xustiza@xunta.gal](mailto:servicio.persoal.xustiza@xunta.gal)) para axilizar a súa tramitación.

#### **Sétimo.- Características das comisións de servizos.**

A provisión temporal das prazas ofertadas concederáse co carácter de comisións de servizos voluntarias.

As comisións de servizos para as prazas ofertadas no anexo I comezarán o día da entrada en funcionamento dos novos órganos xudiciais, prevista para xaneiro de 2018, e a súa duración será ata a adxudicación das prazas mediante concurso de traslados; sendo o período mínimo de permanencia na comisión de servizos de seis meses. En caso de renuncia á comisión de servizos antes de que transcorran seis meses o funcionario non poderá acceder a unha nova comisión de servizo durante un prazo dun ano.

Todos os funcionarios seleccionados se deberán presentar no órgano xudicial asignado o día da súa entrada en funcionamento, salvo autorización por motivos debidamente xustificadas.

As vacacións e permisos para gozar dende o día de inicio da comisión de servizos, deberán solicitarse novamente dende o órgano xudicial asignado en comisión de servizos.

Os funcionarios que se atopen en comisión de servizo conservarán o seu posto de orixe e terán dereito ás retribucións complementarias do posto que desempeñen.

#### **Oitavo.- Resolución**

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, e tras a súa baremación, a persoa titular da Dirección Xeral de Xustiza ditará resolución de adxudicación, que se publicará de xeito simultáneo na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e no sitio web da Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (<http://cpapx.xunta.gal>).

#### **Noveno.- Recursos**

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na intranet de xustiza



**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Xustiza

Praza de Europa, 5 A - 4º  
Polígono de Fontiñas  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

(<http://intranet.xustiza.gal>) e no sitio web da Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (<http://cpapx.xunta.gal>).

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017

Juan José Martín Álvarez

Director xeral de Xustiza





## ANEXO I

### Vacantes nos órganos xudiciais de nova creación

#### Corpo de xestión procesual e administrativa

Código	Unidade	Localidade	Provincia	Nº prazas
1	Xdo. Social nº 6	A Coruña	A Coruña	2
2	Xdo. 1ª Instancia nº 7	Ourense	Ourense	2
3	Xdo. 1ª Instancia nº 15	Vigo	Vigo	4
4	Xdo. 1ª Instancia nº 6	Ferrol	A Coruña	2

#### Corpo de tramitación procesual e administrativa

Código	Unidade	Localidade	Provincia	Nº prazas
4	Xdo. Social nº 6	A Coruña	A Coruña	4
5	Xdo. 1ª Instancia nº 7	Ourense	Ourense	4
6	Xdo. 1ª Instancia nº 15	Vigo	Vigo	4
7	Xdo. 1ª Instancia nº 6	Ferrol	A Coruña	4

#### Corpo de auxilio xudicial

Código	Unidade	Localidade	Provincia	Nº prazas
8	Xdo. Social nº 6	A Coruña	A Coruña	2
9	Xdo. 1ª Instancia nº 7	Ourense	Ourense	1
10	Xdo. 1ª Instancia nº 15	Vigo	Vigo	1
11	Xdo. 1ª Instancia nº 6	Ferrol	A Coruña	1



**ANEXO II**

PROCEDEMENTO	TIPO DE DOCUMENTO
<i>Provisión de postos por comisión de servizos convocados por Resolución da Dirección Xeral de Xustiza de data 23 de novembro de 2017</i>	<b>SOLICITUDE</b>

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
DATA NACEMENTO	ENDEREZO		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
POSTO ACTUAL			
DENOMINACIÓN:	UNIDADE:	LOCALIDADE/PROVINCIA:	

**MÉRITOS**

Núm. Escala:	Antigüidade no respectivo corpo:	Coñecemento de lingua galega: Certificado Celga ou equivalente € Curso medio de linguaxe xurídica € Curso superior de linguaxe xurídica €
Data de posesión no corpo actual:		



**POSTOS SOLICITADOS SEGUNDO ORDE DE PREFERENCIA**

ORDE DE PREFERENCIA	CÓDIGO DO POSTO	UNIDADE	LOCALIDADE/PROVINCIA
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Sinatura:

Visto e prace do superior funcional

**Dirección Xeral de Xustiza**  
**Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**  
**Rúa Madrid 2-4, planta 2ª, polígono das Fontiñas.**  
**15781 Santiago**

SECRET

CONFIDENTIAL

[The following text is extremely faint and illegible. It appears to be a multi-paragraph document, possibly a report or a letter, but the content cannot be discerned.]

[The following text is extremely faint and illegible, likely a footer or a signature block.]